



ÍNDICE - SUMARIO

N.º 224

Volume XLV

setembro-outubro 2021



Guieiro

por Pedro Castelao 3

Estudos

Teoloxía da galegitude matricial
por Pedro Castelao 5

A Igrexa galega que soñamos e pola que nos esforzamos
por Lois Ferradás Blanco 25

Achegas

Os galegos nacen onde queren
por Kalee Rose Prendergast 33

A Galiza que soñamos: catro reflexións
por Ana Pontón Mondelo 41

A Galiza que quere o PSG-PSOE
por Marica Adrio Taracido 46

A Aplicación *IBreviary*
por Xosé F. Martínez Reboiras 57

Documentos

Catro cartas de D. Ramón Otero Pedrayo a dous xesuítas galegos
por Manuel Cabada Castro 59

Acto de presentación de Encrucillada en Ourense
por Pedro Castelao 72

Cartas

«A vós trateivos de amigos»
por Xaquín Campo Freire 79



Adeus á misión en Malawi
por María Teresa Andrade Pérez 83

In memóriam

Pepe Couce Rey. Un cura dos obreiros
por Xaquín de Roca 85

Romaxe

XLIII Romaxe de Crentes Galegas
por Marisa Vidal Collazo 89

Crónica

Carta desde a banda da esperanza
por Manuel Regal Ledo 92

Recensións

Do arcano voo da transparencia
por Xesús Portas Ferro 110

***Oh Dios, ¿estás ahí? Reflexiones sobre el creador
desde un rincón de África***
por Manuel Rodicio Pozo 114

Ilustracións

por Soedade Pite 29, 89





Hai conciliación posible entre galegitude e pertenza eclesial? –Que forma de ser Igrexa concibimos como a máis próxima a Xesús de Nazaret? –Que Galicia soñamos neste inicio do século XXI?

Estas tres cuestións acompañan, desde o seu comezo, a historia de *Encrucillada*. Pero os tempos cambian. E lonxe quedan xa os debates propios da Transición acerca do nacionalismo e o Estatuto de Autonomía. Agora, nun momento histórico no que –finalizado o terrorismo criminal de ETA– o encaixe de Catalunya dentro de España, ou a súa independencia unilateral, está sendo o centro do debate político actual, nada parece máis urxente que pararse a reflexionar sobre a necesidade sempre pendente de conciliar unidade e diversidade, solidariedade e reivindicación, concordia ou separación. Pero, no noso caso, desde unha perspectiva xenuinamente galega.

Porque, como todo o fundamento humano, Galicia é unha realidade que nunca se remata de pensar. A súa contorna territorial está ben delimitada, pero a súa interioridade é infinita, porque unha cousa é nacer galego e outra facerse tal. Na nosa terra non abonda co primeiro, pois hai en Galicia forzas e tendencias que, desde moi pronto, turrán en dirección contraria á natural e espontánea galeguización. Trátase dun fenómeno ben curioso que, polo impacto das súas consecuencias, merece estudo e reflexión. E máis cando un factor especialmente significativo deste proceso ten que ver coa vivencia relixiosa do cristianismo.

Quen isto asina ofrece un ensaio teolóxico sobre a galegitude matricial. Inténtase achegar nel claves teóricas e vivenciais que fagan posible una síntese real entre un galeguismo de dignidade e afouteza e un cristianismo renovado e actual.

O profesor Lois Ferradás comparte os seus soños sobre a Igrexa galega. Un soños que animan ao compromiso e que se artellan arredor dos alicerces da comunidade, a galegitude e o profetismo.

O Consello de Redacción da revista considerou que sería unha boa idea solicitar dos tres grupos políticos con representación no Parlamento de Galicia un traballo sobre a súa idea de futuro para

a nosa terra. Puxémonos en contacto con PP, co BNG e co PSdG-PSOE. Só tivemos resposta do BNG e do Partido Socialista de Galicia. Publicamos, xa que logo, ambas as dúas reflexións asinadas, a do BNG, por Ana Pontón, e a do PSdG, por Marica Adrio Taracido.

Que a pertenza a Galicia non é só cousa de nacemento, senón de proceso testemuñado admirablemente ben a achega de Kalee Rose Prendergast. Californiana de nacemento, galega de corazón.

Coma de corazón fundamente galego e cristiá foi tamén Pepe Couce: cura de Mondoñedo, finado hai pouco e recordado con cariño e admiración por Xaquín de Roca.

Recordo que tamén facemos extensivo á figura sempre central na recente historia de Galicia de Ramón Otero Pedrayo. Neste caso da man dun estudo de Manuel Cabada Castro que refire o intercambio epistolar do señor de Trasalba con dous xesuítas galegos.

Publicamos, igualmente, a despedida de Xaquín Campo Freire da súa parroquia. Documento que da mostra da fecunda labor realizada e do proxecto dunha comunidade adulta na fe.

O correo trae ás veces novas moi estimulantes e sorprendentes. Como a carta que nos fixo chegar a relixiosa María Teresa Andrade Pérez.

Xosé Francisco Martínez Reboiras introdúcenos breve, pero efectivamente, na aplicación IBreviary para *smartphones*, onde se pode atopar en galego abundantísimos textos litúrxicos aprobados polos bispos de Galicia.

A habitual Crónica de Igrexa de Manolo Regal –sempre actual e interesante– súmase neste número a crónica de Marisa Vidal Collazo sobre a Romaxe de Crentes Galegos que tivo lugar en Arzúa. A do próximo ano será en Culleredo. Con dúas recensións, unha de Xesús Portas Ferro e outra de Manolo Rodicio, pechamos o número.

Pedro Castelao

